

IMPRESORA 3D

CREALITY CR-200B

-----Guía para o seu funcionamento-----

Introduzo a tarxeta SD

Introduzo a tarxeta SD cos meus deseños na ranura lateral dereita da impresora. Introdúzoa cos contactos cara arriba ata escoitar un pequeno clic.



Prendido


Premo o botón de prendido no lateral dereito.



Impresión

No panel táctil accedo a “Imprimir” e amósanse os deseños gardados na tarxeta SD. Elixo o que quero e doulle novamente a “Imprimir”. Desde aquí tamén podo darlle a “Axustar” e introducir a temperatura da Boquilla

(PLA>190-210°C) e da cama (50-60°C)



--- - - - - Guía para a súa carga e calibrado -----

Carga do filamento

Coloco a bobina de filamento sobre o soporte que hai na parte de atrás da impresora.



Corto a punta do filamento cun ángulo de 45° e introdúzoa no sensor de esgotamento (colocado xusto enriba da bobina) e no extrusor. Para poder introducirlo no extrusor premo con dous dedos o molle que hai á súa esquerda. Levo o filamento ata o final do tubo que chega ata o bloque extrusor.



No panel táctil, selecciono a opción de “Cargar filamento” dentro dos axustes.

Calibración I

Só se fai a primeira vez (ou cando saco o vidro da cama), para que a cama quede perfectamente horizontal e á distancia correcta do cabezal. Coa impresora prendida vou á opción de Configuración



> Nivelación. Ao facer isto, a cama e o cabezal móvense ata que o cabezal queda na posición (0,0)

Calibración II

A continuación coloca un folio sen dobrar sobre a cama e a través do panel táctil movo o bloque extrusor a distintas posicións sobre a cama (posición 1, 2, 3, 4 e 5). En cada posición a distancia entre cabezal e folio debe facer que, ao querer sacar o folio, o cabezal o “rañe” lixeiramente. Se a distancia non é a axeitada nalgún punto, uso as rodas (situadas baixo a cama) para achegar ou alonxar a cama do cabezal ata que este “rañe” lixeiramente o folio.

